| Titulación | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 3 | 2c |
| Lingua impartición | | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | | | | |
| Profesorado | | | | |
| Correo-e | | | | |

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS**Estética: Palabra e imaxe**

| | | | | |
|--------------------|---|----------|-------|--------------|
| Materia | Estética: Palabra e imaxe | | | |
| Código | V01G400V01961 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 3 | 1c |
| Lingua impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Literatura española e teoría da literatura | | | |
| Coordinador/a | Becerra Suárez, María del Carmen | | | |
| Profesorado | Becerra Suárez, María del Carmen Malvido Cordeiro, Sofía | | | |
| Correo-e | cbecerra@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Os contidos da materia están distribuídos en dúas partes: a) Estética do cinema: A linguaxe cinematográfica b) A estética da imaxe: estudo dos principais movementos cinematográficos | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| CB1 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| CB2 | Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| CB5 | Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| CG2 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |
| CG3 | Capacidade do estudantado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios. |
| CG5 | Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título. |
| CG6 | Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| CG9 | Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías. |
| CE3 | Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa. |
| CE6 | Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria. |
| CE7 | Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria. |
| CE10 | Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada. |
| CE18 | Capacidade para localizar, utilizar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e Internet. |
| CT2 | Comunicación oral e escrita na lingua materna. |
| CT5 | Capacidade de xerar novas ideas. |
| CT8 | Habilidade para traballar de forma autónoma. |
| CT10 | Capacidade de análise e síntese. |
| CT11 | Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente. |
| CT12 | Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|--|--|
| Adquirir conciencia do problema da diferenza estética e da ruptura coa tradición característica do presente | CB2 CB5 CG6 CE10 CE18 CT5 CT10 |
| Coñecemento dos máis relevantes movementos cinematográficos, integrándoos no contexto da historia social e política en que estes se producen | CB1 CB2 CB5 CG2 CG5 CG6 CE3 CE6 CE7 CE9 CE18 CT5 |

| | | | |
|--|------------|----------------------------|------------------------------------|
| Capacidade para reflexionar sobre a estética das correntes cinematográficas de maneira que poida desenvolver unha actividade como crítico ou historiador. | CB1 CB5 | CE6 CE7 CE10 CE18 | CT11 |
| Capacidade para elaborar un traballo de investigación que aborde a análise dunha película, a obra dun director, unha corrente, etc., con garantía de rigor, acorde coas normas dunha investigación académica | CB1 CG3 | CE6 CE7 CE10 | CT2 CT8 CT10 CT11 CT12 |

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| 1. A estética cinematográfica | 1.1. A linguaxe cinematográfica. 1.2 A montaxe 1.3 O son |
| 2. A estética e os movementos cinematográficos | 2.1. Os pioneiros: Lumière. Georges Méliès 2.2. A arte cinematográfica. As vangardas: 2.2.1. O surrealismo 2.2.2. O expresionismo 2.2.3. O cine soviético 2.2.4. A madurez do relato fílmico. O cine narrativo. David W. Griffith 2.3. O sonoro. 2.3.1. Neorealismo italiano 2.3.2. Cine español: Buñuel. Bardem. Berlanga 2.3.3. O cine clásico americano. 2.3.4. A nova arte cinematográfica. A nouvelle vague francesa 2.3.5. O Free cinema británico. 2.3.6. O Cinema Nuovo: Pasolini. Bertolucci 2.3.7. O novo cine español: Basilio Martín Patino. Mario Camus. Carlos Saura. Escola de Barcelona: Gonzalo Suárez. Vicente Aranda. 2.3.8. Cine Latinoamericano. 2.3.9. Cine europeo e o novo Hollywood 2.3.10. Cine da posmodernidad. Cine Dogma 2.3.11. Posmodernismo cinematográfico en España: Almodóvar. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 5 | 10 | 15 |
| Estudo de casos | 9 | 18 | 27 |
| Traballo tutelado | 14 | 28 | 42 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 20 | 46 | 66 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|--|
| Lección maxistral | A profesora explicará en clase cada un dos temas incluídos no programa da materia. |
| Estudo de casos | A medida que avance a explicación do programa os estudantes deberán resolver casos prácticos referidos á identificación dos trazos, formais e de contido, característicos da estética de cada movemento cinematográfico, xustificalos con argumentos coherentes e comparalos cos que definen a outros movementos xa estudados. Requírese participación activa. |
| Traballo tutelado | Os estudantes realizarán, ao longo do curso e en grupo, dous traballos que exporán na aula ante os seus compañeiros. Contarán coa axuda da profesora. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Ao finalizar o curso, cada estudante presentará oralmente un traballo sobre algún dos movementos cinematográficos estudados en clase. O traballo deberá estar aplicado a un ou varios filmes. Unha vez exposto, será entregado á profesora que valorará a calidade e corrección na expresión escrita. O alumno/a contará coa axuda da profesora para a elaboración deste traballo, nas horas de tutoría. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------|---|
| Traballo tutelado | Os traballos de aula realizaranse en grupo, cada grupo contará coa axuda da profesora |

Estudo de casos O estudo de casos concretos levarase a cabo ao longo do curso. Cada estudante haberá de resolver polo menos un deses casos. Todos os estudantess contarán coa guía e colaboración da profesora

| Avaliación | | Cualificación | Competencias Avaliadas | | | |
|---|--|---------------|------------------------|---------------------------------|---------------------------|----------------------------|
| | Descrición | | | | | |
| Lección maxistral | Os contidos teóricos desenvolveranse ao longo do cuadrimeste, sempre apoiados no visionado de planos, escenas ou secuencias de películas ou películas completas. Recomendase asistencia e participación en clase | 10 | CB2 CB5 | | | |
| Estudo de casos | Valorarase a capacidade de análise e de traballo en grupo. Valorarase a expresión oral e escrita | 30 | | | CE3 CE6 CE7 CE10 | CT2 CT5 CT12 |
| Traballo tutelado | Terase en conta a participación activa e a calidade da expresión oral e escrita | 15 | CB5 | CG2 CG3 CG5 CG6 CG9 | | CT2 CT5 CT10 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Valorarase a asimilación dos coñecementos adquiridos ao longo do curso, a capacidade de análise e a correcta utilización dos instrumentos metodolóxicos. Terase en conta a corrección na expresión escrita | 45 | CB1 | CG3 CG5 CG6 | CE6 CE7 CE18 | CT2 CT5 CT10 CT11 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aqueles estudantes que non sigan a avaliación continua realizarán un exame final da materia, unha vez terminadas as clases, nas datas sinaladas polo Decanato, tanto na convocatoria de xuño como na de xullo. O exame contará cunha parte teórica e unha parte práctica. Os estudantes semipresenciais poderán superar a materia en xuño realizando tres traballos escritos sobre os temas do programa que a profesora fixe. De non logralo poderán presentarse o exame final indicado nesta guía.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

ALTMAN, RICK, **Los géneros cinematográficos**, Barcelona: Paidós,

Bordwell, David y Thompson, Kristin, **El arte cinematográfico: una introducción**, Barcelona: Paidós,

Heredero, Carlos F. y Monterde, José Enrique, **En torno al Free Cinema: la tradición realista del cine británico**, Valencia: IVAC,

QUINTANA, Angel,, **Cine italiano 1942-1961**, Barcelona: Paidós,

Bozal, Valeriano, **Historia de las ideas estéticas y de las teorías artísticas contemporáneas I y II**, Madrid: Visor,

Eco, Umberto, **Historia de la belleza**, Barcelona: Lumen,

Gubern, Román, **Historia del cine**, Barcelona: Lumen,

Caparrós Lera, José María, **Historia del cine europeo : de Lumière a Lars von Trier**, Madrid: Rialp,

Castro De Paz, José Luis, Pérez Perucha, Julio y Zunzunegui, Santos, (dirs.), **La nueva memoria. Historia(s) del cine español**, A Coruña: Vía Láctea,

Sánchez Noriega, José Luis, **Historia del cine (nueva edición)**, Madrid: Alianza Editorial,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua e comunicación oral e escrita: español/V01G400V01302

Lingua e comunicación oral e escrita: galego/V01G400V01301

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Retórica e poética/V01G400V01402

Sociolingüística/V01G400V01401

Análise das obras centrais do período Nós/V01G400V01923

Análise das obras centrais da literatura galega desde 1975-I/V01G400V01925

Análise das obras centrais da literatura galega desde 1975-II/V01G400V01927

Literatura española dos séculos XX-XXI/V01G400V01935

Literatura hispanoamericana II/V01G400V01937

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Plan de Continxencias

Descrición

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Prácticas textuais: Narración**

| | | | | |
|--------------------|--|----------|-------|--------------|
| Materia | Prácticas textuais: Narración | | | |
| Código | V01G400V01962 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 3 | 1c |
| Lingua impartición | Galego | | | |
| Departamento | Filoloxía galega e latina | | | |
| Coordinador/a | Fernández Álvarez, Manuel Santiago | | | |
| Profesorado | Fernández Álvarez, Manuel Santiago | | | |
| Correo-e | manuelforcadela@gmail.com | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Achegamento á produción e análise de textos narrativos | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| CB1 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| CB2 | Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| CB5 | Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| CG4 | Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas. |
| CG6 | Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| CG8 | Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico. |
| CE3 | Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa. |
| CE6 | Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria. |
| CE9 | Coñecemento de retórica e estilística. |
| CE17 | Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo. |
| CT2 | Comunicación oral e escrita na lingua materna. |
| CT3 | Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais) |
| CT6 | Capacidade de xestionar a información. |
| CT8 | Habilidade para traballar de forma autónoma. |
| CT9 | Capacidade crítica e de autocrítica. |
| CT10 | Capacidade de análise e síntese. |
| CT11 | Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente. |
| CT12 | Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias | | | |
|---|--------------|-----|------|------|
| Desenvolver as habilidades de creación e de crítica narrativa | CB1 | CG4 | CE3 | CT2 |
| | CB2 | CG6 | CE6 | CT3 |
| | CB5 | CG8 | CE9 | CT6 |
| | | | CE17 | CT8 |
| | | | | CT9 |
| | | | | CT10 |
| | | | | CT11 |
| | | | | CT12 |

Contidos

| |
|------|
| Tema |
|------|

| | |
|---|--|
| 1. A lexia como unidade narrativa. | Lexias activas e lexias descritivas. Tempo e espacío. Ritmo narrativo. |
| 2. Acción e descrición. As potencialidades narrativas dos tempos verbais. | As potencialidades narrativas dos tempos verbais. |
| 3. O diálogo. Diálogo de acción e diálogo de descrición. Os verba dicendi. | Diálogo de acción e diálogo de descrición. Os verba dicendi. |
| 4. O estilo directo, indirecto e indirecto libre. | Definicións e prácticas. |
| 5. O diálogo en estilo directo. | Estratexias técnicas e formais para o diálogo. |
| 6. Tempo do discurso e tempo da historia. | Posibilidades e manexo. |
| 7. Fenómenos derivados da combinación do tempo da historia e o tempo do discurso. | Definición e prácticas. |
| 8. As historias encaixadas. | Exemplos e prácticas. |
| 9. As modalidades do fío descritivo. | Exercicios para traballar a descrición. A descrición de persoas. |
| 10. Os procedementos de enunciación, focalización e os modos de narrador. | Exemplos e prácticas. |
| 11. O conto, o relato, a novela, os contos entrelazados, a novela longa. | Exemplos e comentarios. |
| 12. A morfoloxía do conto fantástico de Vladimir Propp. | Exemplos e prácticas. |
| 13. A teoría narratolóxica de A. Greimas. | Exemplos e prácticas. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 2 | 3 | 5 |
| Lección maxistral | 22 | 45 | 67 |
| Traballo tutelado | 2 | 25 | 27 |
| Traballo | 22 | 29 | 51 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---------------------------|--|
| Actividades introdutorias | Haberá unha sesión introdutoria ao conxunto da materia, de dúas horas de duración, con delimitación dos seus contidos, métodos, probas a realizar, textos que deben ler os alumnos, etc. |
| Lección maxistral | A docencia centrarase na exposición e análise exhaustiva arredor de trece núcleos conceptuais, dos que se irán derivando exercicios e engádegas de interese docente. Cada un destes núcleos conceptuais xerará unha serie de exercicios escritos que o alumnado deberá realizar pola súa conta, fóra e dentro de clase. Os ALUMNOS SEMIPRESENCIAIS poderán recibir orientacións sobre estes contidos nas titorías individuais (sexan presenciais ou remotas), indicaráselle a bibliografía que pode substituílas ou complementalas, e disporán en Faitic de material específico. |
| Traballo tutelado | Tratándose dunha materia que usa a escrita como método para a reflexión sobre a linguaxe e a ficción literaria, os traballos diarios e a súa exposición en clase serán un dos principais adobíos da materia. Ademais, o alumnado deberá presentar, como requisito sine qua non para ser avaliado, un texto escrito e comentado de colleita propia, seguindo as indicacións que se darán en clase. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------------|---|
| Actividades introdutorias | Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras. |
| Lección maxistral | Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras. |
| Traballo tutelado | Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras. |
| Probas | Descrición |
| Traballo | Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras. |

Avaliación

| Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|------------|---------------|------------------------|
|------------|---------------|------------------------|

| | | | | | | |
|----------------------------|---|----|-------------------|-------------------|-------------------|------------------------------------|
| Actividades introductorias | Haberá unha sesión introductoria ao conxunto da materia, de dúas horas de duración, con delimitación dos seus contidos, métodos, probas a realizar, textos que deben ler os alumnos, etc. | 7 | CB1 CB2 CB5 | CG4 CG6 CG8 | CE3 CE6 CE9 | CT2 CT8 CT10 CT11 CT12 |
| Lección maxistral | A docencia centrarase na análise detallada e exhaustiva de trece núcleos conceptuais, dos que se irán derivando calas noutros asuntos adxacentes. En cada unha destas sesións ofrecerase un conxunto de exercicios a realizar polo alumnado, tan presencial como semi-presencial. Estes exercicios que serán comentados polo docente na segunda sesión semanal da materia serán un dos elementos centrais da avaliación. O alumnado semi-presencial deberá realizar igulamente estes exercicios que lle serán subministrados e comentados e corrixidos polo docente por calquera vía de comunicación telemática, nomeadamente o correo electrónico. | 33 | CB1 CB2 CB5 | CG4 CG6 CG8 | CE3 CE6 CE9 | CT2 CT8 CT10 CT11 CT12 |
| Traballo tutelado | Realizaranse comentarios de texto de numerosos fragmentos textuais ou culturais vinculados co programa. Cada estudante realizará eventualmente unha ou varias exposicións na aula sobre temas acordados co profesor. O alumnado semi-presencial deberá realizar igulamente estes exercicios que lle serán subministrados e comentados e corrixidos polo docente por calquera vía de comunicación telemática, nomeadamente o correo electrónico. | 20 | CB1 CB2 CB5 | CG4 CG6 CG8 | CE3 CE6 CE9 | CT2 CT8 CT10 CT11 CT12 |
| Traballo | Como colofón das actividades da materia o alumnado, tanto presencial como semipresencial, deberá presentar un texto escrito de autoría individual e comentado, segundo o método que será acordado ao longo do curso. Unha avaliación positiva neste apartado será conditio sine qua non para aprobar a materia. | 40 | CB1 CB2 CB5 | CG4 CG6 CG8 | CE3 CE6 CE9 | CT2 CT8 CT10 CT11 CT12 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na avaliación de xullo, o alumnado, tanto presencial como semipresencial, deberá comparecer con todos os exercizos do curso realizados así como co o traballo final. Non haberá unha proba escrita da materia e poderá empregar a data oficial do exame, que aparecerá nos anuncios oficiais da Facultade, como hora e lugar para a entrega definitiva dos exercizos e traballo mencionados

No caso de que a docencia presencial non estiver permitida, por razóns sanitarias ou doutro índole, haberá sesións telemáticas para comentario dos exercizos realizados e enviados polo alumnado e para a introdución de novos exercizos. Igualmente para a corrección do traballo final concertarase unha sesión individual de titoría.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Courtes, Joseph, and Algirdas Julien Greimas., **Introducción a La Semiótica Narrativa Y Discursiva: Metodología Y Aplicación**, Hachette, 1980

Greimas, Algirdas Julien, **La Semiótica Del Texto: Ejercicios Prácticos: Análisis de Un Texto de Maupassant.**, 2, Paidós, 1993

Greimas, Algirdas Julien, and Joseph Courtés, **Semiótica: Diccionario Razonado de La Teoría Del Lenguaje.**, Gredos, 1982

Greimas, Algirdas Julien, Joseph Courtés, and Alceu Dias Lima, **Dicionário de Semiótica**, Cultrix, 1979

Reis, Carlos, and Centro de Literatura Portuguesa, eds, **Figuras Da Ficção**, Centro de Literatura Portuguesa, 2006

Reis, Carlos, Ana Cristina M. Lopes, and Ángel Marcos de Dios, **Diccionario de Narratología**, 2, Almar, 2002

Reis, Carlos, and Ángel Marcos de Dios, **Para Una Semiótica de La Ideología**, Taurus, 1987

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticas textuais: Escritura dramática/V01G400V01964

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Retórica e poética/V01G400V01402

Plan de Continxencias

Descrición

No caso de que a docencia presencial non estiver permitida, por razóns sanitarias ou doutro índole, substituirase toda a docencia presencial por docencia telemática dedicada á corrección de exercicios e explicación dos novos exercicios propostos.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|------------------------------|--|----------|-------|--------------|
| Xéneros | | | | |
| Materia | Xéneros | | | |
| Código | V01G400V01963 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 3 | 2c |
| Lingua impartición | Galego | | | |
| Departamento | Literatura española e teoría da literatura | | | |
| Coordinador/a | Suárez Briones, Beatriz | | | |
| Profesorado | Suárez Briones, Beatriz | | | |
| Correo-e | bsuarez@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo teórico e crítico do concepto de xénero literario desde a Teoría da Literatura. | | | |

| Competencias | |
|---------------------|---|
| Código | |
| CB1 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| CB2 | Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| CB5 | Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| CG1 | Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios. |
| CG5 | Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título. |
| CG6 | Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| CG8 | Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico. |
| CG9 | Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías. |
| CE3 | Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa. |
| CE6 | Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria. |
| CE7 | Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria. |
| CE9 | Coñecemento de retórica e estilística. |
| CE10 | Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada. |
| CT2 | Comunicación oral e escrita na lingua materna. |
| CT5 | Capacidade de xerar novas ideas. |
| CT8 | Habilidade para traballar de forma autónoma. |
| CT10 | Capacidade de análise e síntese. |
| CT11 | Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente. |
| CT12 | Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual. |

| Resultados de aprendizaxe | |
|---|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
| Unha mellor comprensión da *multiplicidade das formas artísticas hoxe no que deben á tradición e no que rompen con ela. | CB1 CG1 CE3 CT2 CB2 CG5 CE6 CT5 CB5 CG6 CE7 CT8 CG8 CE9 CT10 CG9 CE10 CT11 CT12 |

| Contidos | |
|-----------------------------------|---|
| Tema | |
| 1. Introducción. | 1.1. Formulacións xerais do curso. |
| 2. Teoría dos xéneros literarios. | 2.1. Idea e concepto de xénero literario. |
| 3. A narrativa | 3.1. Análise dos textos narrativos |

| Planificación | | | |
|-------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Presentación | 2 | 0 | 2 |
| Lección maxistral | 10 | 30 | 40 |
| Seminario | 10 | 30 | 40 |
| Obradoiro | 24 | 0 | 24 |
| Exame de preguntas obxectivas | 2 | 42 | 44 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|----------------------------|--|
| | Descrición |
| Presentación | Presentación da materia |
| Lección maxistral | A profesora explicará os contidos da materia. O alumnado deberá expor preguntas, obxeccións, críticas, valoracións. Penalizarase a pasividade en clase, ou a ausencia de intervencións. |
| Seminario | Actividade enfocada a traballos sobre un tema específico, que permite profundar ou completar contidos da materia. Usarase como complemento ás clases teóricas. Traballos de análise literaria dos textos presentados nas clases. Estes traballos, así como as intervencións orais respecto diso, serán obxecto de avaliación tanto para o alumnado como para o semipresencial. |
| Obradoiro | Traballo práctico sobre textos narrativos e poéticos en clase, que servirán de preparación para o seminario. Esta actividade será en parte obrigatoria para o alumnado semipresencial |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Lección maxistral | A profesora atenderá todas as dificultades particulares do alumnado en titorías presenciais ou virtuais en todos os niveis de desenvolvemento da signatura. |
| Presentación | A profesora atenderá todas as dificultades particulares do alumnado en titorías presenciais ou virtuais en todos os niveis de desenvolvemento da signatura. |
| Seminario | A profesora atenderá todas as dificultades particulares do alumnado en titorías presenciais ou virtuais en todos os niveis de desenvolvemento da signatura. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas | | | |
|-------------------------------|--|---------------|------------------------|---------------------------------|----------------------------------|---|
| Presentación | Presentación da materia pola profesora | 5 | CB1 | CG1 | CE6 | CT2 |
| Lección maxistral | Valorarase a atención e a capacidade para intervir nas clases tras as intervencións da profesora, propondo ou rebatendo ideas, ou manifestando dúbidas ou dificultades de comprensión. Valorarase moito a participación nas clases. Valorarase a seriedade, o rigor, a orixinalidade e o uso dunha linguaxe adecuada, escrupulosamente correcta e precisa. Valorarase a calidade de ideas e o manexo dos coñecementos adquiridos en clase. | 20 | CB2 CB5 | CG1 CG8 CG9 | CE3 CE6 CE7 CE9 CE10 | CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12 |
| Seminario | Valorarase o resultado final do traballo de seminario: a seriedade e a capacidade crítica. Penalizarase o plaxio, e advírtese que o plaxio é un delito contra a propiedade intelectual e contra a propiedade industrial. O plaxio, ou copia intencional non declarada, en todo ou en parte, en calquera tipo de traballo ou exame, suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que é un plaxio non eximirá á persoa que plagie de responsabilidade legal. Todos os seminarios e traballos de aula, tanto orais como escritos, serán obxecto de avaliación. | 20 | CB1 CB2 CB5 | CG1 CG5 CG6 CG8 CG9 | CE3 CE6 CE7 CE9 CE10 | CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 |
| Exame de preguntas obxectivas | Todo o alumnado, tanto presencial ou de avaliación continua, como non presencial ou de avaliación final ou única, realizará obrigatoriedade o exame final | 55 | CB1 | CG5 CG8 | CE6 CE7 CE9 | CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Recoméndase a todo o alumnado asistir á primeira clase do curso.

As clases e os exames levarán a cabo conforme ao establecido na guía docente, e conforme aos horarios e disposicións establecidos pola Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

A avaliación non será considerada como continua para o alumnado que non asista presencialmente ao 80% das clases.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas textuais: Escritura dramática

| | | | | |
|--------------------|---|----------|-------|--------------|
| Materia | Prácticas textuais: Escritura dramática | | | |
| Código | V01G400V01964 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 3 | 2c |
| Lingua impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Literatura española e teoría da literatura | | | |
| Coordinador/a | Ribao Pereira, Montserrat | | | |
| Profesorado | Ribao Pereira, Montserrat | | | |
| Correo-e | ribao@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://http://litespfft.wordpress.com/ | | | |
| Descrición xeral | Achegamento aos conceptos, elementos e mecanismos que interveñen na composición dun texto teatral. coa finalidade de adquirir unha base teórica e práctica sobre a escritura dramática. Teranse como referencia textos recoñecidos, tanto clásicos como contemporáneos, con vistas ao desenvolvemento de breves pezas de creación propia. | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| CB4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| CG8 | Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organízalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico. |
| CE6 | Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria. |
| CE7 | Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria. |
| CE9 | Coñecemento de retórica e estilística. |
| CT8 | Habilidade para traballar de forma autónoma. |
| CT9 | Capacidade crítica e de autocrítica. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias | |
|---|--------------|-------------------|
| Coñecemento da singularidade e características dun texto dramático en todos os seus aspectos pertinentes | CB4 | CE6 CE7 CE9 |
| Competencia sobre os mecanismos de construción dun texto dramático e capacidade para a creación dunha peza propia | CG8 | CT8 CT9 |

Contidos

| | |
|---|---|
| Tema | |
| Elementos para a creación dun texto dramático | Descrición e análise dos diversos compoñentes dun texto dramático |
| A escritura teatral: singularidade do texto dramático | Texto e representación |
| Poéticas dramáticas | O texto dramático dende as súas preceptivas |
| Os distintos modos discursivos | Modos discursivos teatrais: exemplos clásicos e contemporáneos |
| A escritura propia: escribir e reescribir | Reescritura dunha escena ou dun/ha personaxe clásic@ Dramatización dun conto Escenificación dun poema |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 20 | 16 | 36 |
| Traballo tutelado | 12 | 50 | 62 |
| Resolución de problemas | 16 | 36 | 52 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|---|
| Lección maxistral | Presentación dos conceptos e características fundamentais da escritura dramática, así como dalgunhas das súas preceptivas |
| Traballo tutelado | Aplicación dos coñecementos sobre a escritura dramática coa elaboración de breves pezas propias por parte do estudantado, que serán presentadas e discutidas na clase |
| Resolución de problemas | Probas sobre os conceptos explicados na clase, que darán conta da súa asimilación por parte do alumnado |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------|---|
| Traballo tutelado | Alumnas e alumnos disporán de atención personalizada sempre que o precisen, tanto nas horas de aula como nas horas de tutoría. O horario de tutorías entregarase no comezo do cuadrimestre. As consultas enviadas por correo-e serán respondidas dentro dese mesmo horario. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas | | |
|-------------------------|---|---------------|------------------------|--------------------------|------------|
| Lección maxistral | Explicación razoada dos conceptos fundamentais de dramaturxia. | 10 | CB4 | CE6 CE7 CE9 | |
| Traballo tutelado | Realización de pezas dramáticas curtas que serán lidas e comentadas en clase. A través delas o alumnado terá que dar conta do coñecemento da singularidade e características máis significativas do texto dramático, así como da súa capacidade para aplicalas. | 45 | | CE6 CE7 CE9 | CT8 |
| Resolución de problemas | Probas individuais realizadas en clase. Consistirán en preguntas sobre os conceptos explicados e sobre as lecturas realizadas, ademais dalgunha proba creativa que atenda a premisas propostas. | 45 | CB4 | CG8 CE6 CE7 CE9 | CT8 CT9 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Dado o carácter práctico desta signatura, a asistencia (80%) é requisito para a avaliación continua. Serán valoradas, coas porcentaxes sinaladas, as diferentes probas indicadas arriba. A presentación e comentario das pezas dramáticas realizadas terá lugar cara ao final do cuadrimestre, nas últimas sesións da materia.

Aquelas persoas que, pola circunstancia que sexa, non poidan asistir ás clases terán que poñerse en contacto coas profesoras o máis preto do comezo do cuadrimestre, co obxecto de definir o modo de seguimento do seu traballo así como os prazos de entrega dos exercicios correspondentes. Neste caso, ademais destes exercicios que terán que desenvolver ao longo do cuadrimestre, defenderán as pezas dramáticas que produzan no día e hora que a Facultade fixe para a avaliación única.

O alumnado que non supere a convocatoria de xuño realizará un exame sobre os contidos da materia na convocatoria de xullo na data fixada pola Facultade.

O alumnado **semipresencial** recibirá todas as indicacións que proceden sobre o modo no que desenvolverá o seu traballo a través da plataforma Moovi. Forma e prazo dos exercicios sobre os contidos da asignatura serán facilitados tamén por este medio. Tocante á presentación das pezas que produzan, faranno na data que a facultade fixe para a avaliación única (agás que, se puidesen, decidan facelo nas últimas sesións de clase ao mesmo tempo que o alumnado de avaliación continua). Como nos outros casos, de non superar a materia na convocatoria de xuño, realizarán un exame sobre os seus contidos na convocatoria de xullo na data fixada pola facultade a eses efectos.

Para o alumnado **Erasmus**, de habelo, as condicións e requisitos de seguimento da materia serán os mesmos que os indicados para o alumnado propio da Universidade de Vigo.

NOTA: Nas probas escritas será imprescindible a corrección ortográfica, o uso pertinente dos signos de puntuación, a orde e claridade na exposición e a limpeza dos exercicios. Por outro lado, naquel tipo de probas no que se faga uso de fontes bibliográficas secundarias, estas terán que aparecer adecuadamente referenciadas; plaxiar unha fonte, é dicir, transcribila literalmente facéndoa pasar por discurso propio, invalidará inmediatamente o traballo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alonso de Santos, José Luis, **La escritura dramática**, Castalia,

Pavis, Patrice, **Diccionario del teatro**, Editorial Paidós,

McKee, Robert, **El guión**, Alba Editorial,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Prácticas textuais: Narración/V01G400V01962

Outros comentarios

1. O horario de titorías será comunicado ao alumnado ao comezo do cuadrimeste.
 2. Os textos de lectura sobre os que se analizarán os diversos temas do programa, así como a bibliografía específica sobre cada un, serán facilitados a través da plataforma MOODLE.
-

Plan de Continxencias

Descrición

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA EN CASO DE CIRCUNSTANCIA DE EMERXENCIA SANITARIA

1.- Desenvolvemento da materia

Os contidos desta materia teñen unha dimensión eminentemente aplicada, pois se trata de adquirir coñecemento sobre as características e singularidade dos textos dramáticos para pór posteriormente ese coñecemento ao servizo da produción de breves textos propios por parte do alumnado. En caso de circunstancia de emerxencia sanitaria *sobrevida, a adaptación a un sistema de docencia non presencial contemplaría, por unha banda, a substitución da metodoloxía [Lección maxistral] pola achega dos materiais necesarios para o estudo dous diversos temas a través do campus remoto. Doutra banda, a creación de textos por parte do alumnado non sufriría cambios e sería desenvolvida tamén a través do campus remoto.

2.- Avaliación

levará a cabo de forma *telemática a través de campus remoto. Substitúese a representación do texto dramático pola presentación da versión escrita do mesmo.

En ningún caso modifícanse os requisitos para superar as *probas. Como se di na Guía docente: [Nas probas escritas será imprescindible a corrección *ortográfica, o uso pertinente dos signos de puntuación, a orde e claridade expositiva e a limpeza dos exercicios. Doutra banda, naquel tipo de probas no que se faga uso de fontes bibliográficas secundarias, estas terán que aparecer adecuadamente *referenciadas; *plagiar unha fonte, é dicir, *transcribirla literalmente facéndoa pasar por discurso propio, invalidará inmediatamente o traballo]

Para o alumnado *semipresencial, en caso de producirse esta emerxencia, o modo de desenvolvemento da materia e a súa avaliación coincidirían cos do alumnado presencial (nos termos arriba expostos).

Doutra banda, de imporse unha modalidade docente mixta, na que unha parte do *estudiantado permanecerá en clase, seguindo a outra parte as clases dun modo *síncrono (preferentemente) ou *asíncrono dependendo das ferramentas que mellor se adapten a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serían as mesmas que na modalidade presencial, adaptándose os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|------------------------------|---|----------|-------|--------------|
| Lingua portuguesa III | | | | |
| Materia | Lingua portuguesa III | | | |
| Código | V01G400V01981 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 3 | 1c |
| Lingua impartición | Portugués | | | |
